

8. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral)

Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón

Os seguintes documentos permítennos realizar unha composición de texto histórico sobre a Restauración borbónica e o funcionamento da quenda pacífica (1874-1902).

Tras a disolución da Asamblea Nacional polo xeneral Pavía e ante o baleiro de poder, o xeneral Serrano asumiu o poder executivo da República, contando co apoio dalgúns xefes militares e políticos radicais que forman parte do seu goberno. Serrano suspendeu as garantías constitucionais e prometeu convocar Cortes constituíntes cando o país estivese pacificado; mentres, o exército combatía os carlistas e os cantonalistas.

As tensións entre os republicanos, a guerra carlista e cubana e o incremento das reivindicacións sociais da AIT provocaron unha gran inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España a á reivindicación social. Estes temores favoreceron os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Afonso de Borbón, fillo de Isabel, que se presentaba como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal (Manifiesto de Sandhurst).

En 1874, o xeneral Martínez Campos pronunciouse a favor da monarquía de Afonso XII, con escasa resistencia. Remataba así a rexencia de Serrano tralo fin da I República. Cánovas defenderá o establecemento dunha monarquía constitucional doutrinaria cunha reorganización dos partidos políticos. Establecería unha alternancia no poder a través do fraude electoral, a quenda pacífica. Os dous partidos aglutinaban as forzas anteriores sendo o Conservador (moderados e unionistas), liderado por Cánovas e o Partido Liberal (progesistas, demócratas e republicanos posibilistas), liderado por Sagasta.

Cánovas é nomeado presidente do goberno por Afonso XII e convocaránse eleccións a Cortes constituíntes aplicando a lei electoral do 68. O resultado é a Constitución de 1876, que é doutrinaria debido a que vota maioritariamente a burguesía conservadora xa que as forzas revolucionarias néganse a participar no goberno. Establecíase unha monarquía constitucional doutrinaria conservadora na que a Coroa compartía soberanía coas Cortes, nomeaba libremente aos ministros e podía suspender e disolver as Cortes. As Cortes eran bicamerais, constituídas polo Congreso e o Senado e estaban superditadas á Coroa. A parte dogmática estaba redactada dun xeito moi xenérico, polo que a súa interpretación dependía da forza gobernante. Durante os turnos de Cánovas, limitarían máis os dereitos e liberdades a través do desenvolvemento por leis posteriores, e Sagasta permitiría máis liberdades.

Para levar a cabo esta falsa democracia, o ministro de gobernación crearía un encasillado (encadramento) e apoiárase no sistema caciquil (que actuaba sobre todo no rural) e no fraude electoral con métodos como o pucheirazo. Esta alternancia tiña como obxectivo non permitir a participación do goberno ós enemigos comúns: o movemento obreiro e os republicanos. Este sistema turnista pode compararse cun teatro, os turnistas tiñan as butacas aseguradas e fora había máis xente que non podía participar.

O monarca Afonso XII alcumado “o pacificador”, debido a que consegue poñer fin a dúas guerras que afectaban gravemente a España. En Cuba, chega a un acordo grazas a que permite a liberdade de ventres, polo que a reprodución deixa de

8. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral)

Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón

implicar escravitude. A terceira guerra carlista rematou en 1876, coa toma de Montejurra.

Durante a primeira quenda de Cánovas (1875-1881), establécese un o sufraxio censatario restrinxido e se restrinxe a liberdade de prensa, asociación e reunión. Ademais os alcaldes son escollidos polo goberno central no caso das cidades e polos gobernadores civís no resto dos Concellos. Na quenda de Sagasta (1881-1884), iniciase unha apertura do réxime cunha lei de imprenta e permite a actividade republicana. Cando Alfonso XII morre en 1885 por tuberculose, a súa muller María Cristina de Habsburgo está embarazada, pero ante a posibilidade de que fose unha meniña e que fora aprobeitado por republicanos e movemento obreiro para desestabilizar e denunciar a falta de liberdades democráticas do réxime, asinan o Pacto do Pardo. Mediante este establecen que Sagasta gobernaría de novo aumentando as liberdades para tratar de silenciar as críticas e a posible crise.

Este período denomínase quenda longa de Sagasta (1885-1890). En 1887 aproba a lei de libre asociación que permitiría a creación do PSOE da man de Pablo Iglesias. Era un partido socialista e no comezo republicano. Era marxista, apostaba pola colectivización dos medios de produción. Renunciará a este aspecto con Felipe González en 1976 no congreso de Xuresmes, para distanciarse do comunismo. Tamén xorde UXT, sindicato marxista. En 1888 establece os xuízos con xurado, en 1889 un novo Código civil e en 1890 a lei de sufraxio universal masculino para maiores de vinte e cinco anos. Estas medidas non afectaron aos principios básicos do sistema canovista porque resultaron viciadas polo caciquismo e o fraude electoral.

Dende 1891, liberais e conservadores alternáronse no poder pacíficamente. Esta situación provocou o falseamento do proceso electoral sistematicamente mediante fraude. O sistema funcionaba de arriba a abaixo, na cúspide estaba a minoría política dirixente que formaban a oligarquía dirixente, entre a que se escollía aos candidatos; no nivel intermedio o ministro de gobernación que elaboraba o encadramento (encasillado), para que os resultados previstos se cumprisen colaboraban os alcaldes e a Garda Civil; na base desta pirámide estaba o cacique local, personaxe de gran influencia sobre as autoridades e os veciños, sobre todo no rural, que empregaba esta influencia en servizo do candidato do Goberno.

O control caciquil foi unha das pezas básicas do funcionamento da quenda pacífica, fabricando os resultados electorais á medida do partido que acababa de asumir o poder (o reparto aproximado era de 60-70% de deputados para o partido no poder e 20-30% para o partido na oposición. A forza caciquil permitía que moitos distritos fosen sempre controlados pola mesma familia ou saíse sempre eleixida a mesma persoa (distritos enfeudados). Ademais usaban o pucheirazo, que é a substitución masiva do voto. Esta alternancia tiña como obxectivo non permitir a participación do goberno ós inimigos comúns: o movemento obreiro e os republicanos. Este sistema turnista pode compararse cun teatro, os turnistas tiñan as butacas aseguradas e fora había máis xente que non podía participar.

A quenda funcionou pacificamente ata finais de século, cando comeza unha situación de crise (iniciada pola perda das colonias na crise de 1898) que causa o aumento das clases que non se sentían representadas polo turnismo. Aumenta a taxa de urbanización grazas á industrialización e se fortalecen movementos de oposición como o republicanismo, anticlericalismo, movemento obreiro e nacionalismo

8. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral)
Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón

periférico. Os militares sentíronse frustrados e responsabilizaron do fracaso da perda de Cuba e Filipinas aos políticos, prodúcese o divorcio entre o turnismo e o exército. Ademais xorde o rexeneracionismo, un movemento que abogaba pola rexeneración de España, para rematar co caciquismo, o atraso e a falta de democracia e corrupción, cuxo líder foi Joaquín Costa. Finalmente os asasinato de Cánovas por un anarquista en 1897 crea inestabilidade no partido. Estas serán as causas da fin do sistema.

En Galicia, xurdiron as primeiras organizacións rexionalistas, como a Liga Galega, destacando as figuras de Alfredo Brañas e Manuel Murguía.

En conclusión, o sistema da quenda pacífica xorde polo interés común da oligarquía en deixar ao movemento obreiro e ao republicanismo fora do sistema político que coa transición de século dará os primeiros síntomas de esgotamento.